

Convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e varias empresas para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, dona Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra dona _____, en representación da empresa Carpintería Metálica Aluman, S.L., en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo _____.

Doutra, don _____, conselleiro delegado da empresa Malasa Grupo S.L. como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo _____.

E doutra don _____ en representación da empresa Sistemas y Construcciones Alvedro S.L., en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo _____.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

1º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación profesional para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.

2º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

4º. Que a disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

5º. Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste sentido, a empresa e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Así mesmo, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a empresa colaboradora.

6º. Que as empresas Carpintería Metálica Aluman, S.L., Malasa Grupo S.L. e Sistemas y Construcciones Alvedro S.L., están dispostas a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que as empresas facilitan aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coas empresas e non poderá establecerse entre estas e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

7º. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as empresas Carpintería Metálica Aluman, S.L., Malasa Grupo S.L. e Sistemas y Construcciones Alvedro S.L., para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na Comunidade Autónoma

de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das empresas e no CIFP Someso.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. O proxecto de formación profesional dual deste convenio, que é de carácter experimental, ten as seguintes características:

- a. Este proxecto toma como referencia o currículo de formación profesional establecido no Decreto 188/2011, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en proxectos de edificación.
- b. Terá como duración desde o 15 de setembro de 2019 ata o 31 de agosto de 2021.
- c. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e as empresas asinantes, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo correspondente e a obtención do título de técnico superior en Proxectos de Edificación.
- d. Ademais, atendendo ás características da empresa, o primeiro ano de vixencia destes proxectos dedicarase un 10 % do tempo de estadía do alumnado na empresa á formación complementaria á establecida nos currículos dos ciclos formativos correspondentes, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será do 5 %.

Segunda. As concrecións deste proxecto experimental de formación profesional dual para o ciclo formativo de Proxectos de Edificación. (distribución da formación curricular do ciclo formativo e temporalización dos módulos profesionais) están recollidas no anexo deste convenio.

Terceira. As empresas Carpintería Metálica Aluman, S.L., Malasa Grupo S.L. e Sistemas y Construcciones Alvedro S.L., comprométense a acoller nas súas instalacións un mínimo de 16 alumnos e alumnas, para este proxecto experimental de formación profesional dual. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos na orde da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que autorice este proxecto experimental de formación profesional dual.

As empresas Carpintería Metálica Aluman, S.L., Malasa Grupo S.L. e Sistemas y Construcciones Alvedro S.L., colaborarán coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional na selección do alumnado solicitante que cumpra os requisitos de admisión. Para tal fin, poderán realizarse entrevistas psicoprofesionais que permitan identificar a idoneidade dos/das candidatos/as en relación co perfil profesional que adquirirá o alumnado na empresa ao longo do proxecto. As empresas comunicarán ao alumnado os criterios e os procedementos utilizados na selección con anterioridade á súa realización.

Estas actuacións serán realizadas por persoal das empresas xunto cunha persoa representante do centro educativo, de xeito que a selección garanta cubrir o número mínimo de prazas que a/s empresas se comprometen a acoller nas súas instalacións.

Cuarta. As empresas Carpintería Metálica Aluman, S.L., Malasa Grupo S.L. e Sistemas y Construcciones Alvedro S.L., comprométense a financiar o proxecto de formación regulado neste convenio, mediante o establecemento dun sistema de bolsas dirixido ao alumnado participante.

Este réxime de bolsas estará suxeito ás seguintes especificidades:

- a. As empresas Carpintería Metálica Aluman, S.L., Malasa Grupo S.L. e Sistemas y Construcciones Alvedro S.L., achegarán a cada alumno ou alumna, en períodos mensuais con carácter irrevogable, unha bolsa por importe mínimo 500 euros, durante os meses nos que a actividade formativa e profesionalizadora se realice integramente nas empresas. Tomando como referencia este importe, o resto dos meses o importe calcularase de xeito proporcional ao tempo que o alumno ou alumna dedique á actividade profesionalizadora nas empresas.
- b. Os alumnos e as alumnas participantes no proxecto de formación obxecto deste convenio serán incorporados ao réxime xeral da Seguridade Social, nos termos e nas condicións establecidos no Real decreto 1493/2011, de 24 de outubro. A conseguinte afiliación e/ou alta, así como a baixa no devandito réxime, produciranse a partir da data de inicio e na de cesamento do programa de formación, nos termos, nos prazos e cos efectos establecidos no regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.
- c. Para a efectividade do réxime de bolsas, as empresas colaboradoras e as persoas bolseiras deberán cumprir sempre os requisitos establecidos na normativa que regula os proxectos de formación profesional dual e neste convenio.

Quinta. O alumnado adquirirá formación nos centros educativos segundo a temporización recollida no anexo deste convenio e no horario lectivo que se estableza.

Sexta. A estadía do alumnado nas empresas axustarase á temporización recollida no anexo deste convenio. Durante o período formativo nas empresas, o horario da actividade formativa e profesionalizadora deberá desenvolverse dentro do marco temporal do horario laboral das empresas, reservándose unha mañá ou unha tarde cada quincena para a recepción do alumnado nos centros educativos por parte do titor ou da titora, na que se realizarán actividades de seguimento, asesoramento e apoio.

Sétima. O alumnado deste proxecto disporá dun mínimo de trinta días naturais de vacacións por curso. Para estes efectos computaranse, por unha parte, as vacacións escolares, establecidas para cada curso no correspondente calendario escolar, das que o alumnado se beneficie durante a súa estadía no centro educativo, e, por outra parte, os días restantes ata completar cando menos o mínimo establecido, que determinarán as empresas no período de estadía do alumnado nas empresas.

Oitava. Consonte o artigo 30.5 do Real decreto 1592/2012, do 8 de novembro, a actividade formativa nas empresas e no centro educativo coordinarase mediante reunións mensuais de control nas que se fará seguimento do alumnado.

As empresas Carpintería Metálica Aluman, S.L., Malasa Grupo S.L. e Sistemas y Construcciones Alvedro S.L., nomearán unha persoa como titor ou titora do alumno ou da alumna, que será responsable do seguimento da actividade formativa, da coordinación da actividade profesionalizadora coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación.

Así mesmo, o centro formativo designará un profesor ou unha profesora, ou formador ou formadora, como titor ou titora responsables da programación e do seguimento da formación, así como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Así mesmo, esta persoa será a interlocutora coas empresas para o desenvolvemento do proxecto.

Novena. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando o considere oportuno calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

En representación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue.

- A persoa titular da dirección do CIFP Someso.
- O profesor titor ou a profesora titora do centro educativo.

Unha persoa representante da cada unha das empresa asinantes.

Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional actuará como secretario ou secretaria.

Décima. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Décimo primeira. Este convenio extinguirase pola finalización do tempo convindo e poderase resolver por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar ás outras cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou das empresas.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre o centro docente e as empresas.

Décimo segunda. A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da persoa interesada á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo terceira. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, as empresas comprométense a respectar a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo

á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

**A conselleira de Educación, Universidade
e Formación Profesional**

**O representante da empresa Carpintería
Metálica Aluman, S.L.**

Asdo.: Carmen Pomar Tojo

Asdo.: _____

**O conselleiro delegado da empresa
Malasa Grupo S.L.**

**O representante da empresa Sistemas y
Construcciones Alvedro S.L.,**

Asdo.: _____

Asdo.: _____

1. ANEXO

1.1 Distribución de postos de formación por empresa

Empresa	Nº de prazas
Carpintería Metálica Aluman S.L.	6
Malasa Grupo S.L.	6
Sistemas y Construcciones Alvedro S.L.	4
Total	16

1.2 Distribución da formación curricular do ciclo formativo de grao superior de Proxectos de Edificación

Duración do proxecto			Curso 2019-2020	Curso 2020-2021	FCT
Formación curricular	Centro educativo	Formación no centro educativo (66 %)	747 h	573 h	-
	Empresa	Formación en empresa (34 %)	167 h	103 h	410 h
Total			2.000 h		

FCT: formación en centros de trabajo.

1.3 Temporalización dos módulos profesionais

1.3.1 Curso 2019-2020

Planificación

Curso 2019-2020												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	maio	xuño	xullo	ago.	set.
Formación no centro educativo								Actividade profesionalizadora / formación na empresa				

Organización dos módulos profesionais

Código módulo	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0562	Estruturas de construción	107	97	10
MP0563	Representacións de construcións	347	260	87
MP0564	Medicións e Valoracións de construción	87	57	30
MP0567	Deseño e construción de edificios	133	133	0
MP0568	Instalacións en edificación	133	103	30
MP0573	Formación e orientación laboral	107	97	10
TOTAL		914	747	167

1.3.2 Curso 2020-2021

Planificación

Curso 2020-2021												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	maio	xuño	xullo	ago.	set.
	Formación no centro educativo					Actividade profesionalizadora / formación na empresa						

Organización dos módulos profesionais

Código módulo	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0565	Implantacións de construción	133	133	0
MP0566	Planificación de construción	87	77	10
MP0569	Eficiencia enerxética en edificación	70	70	0
MP0570	Desenvolvemento de Proxectos de Edificación Residencial	210	163	47
MP0571	Desenvolvemento de Proxectos de Edificación non Residencial	123	77	46
MP0574	Empresa e iniciativa emprendedora	53	53	0
TOTAL		676	573	103

1.4 Adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia

Cualificacións profesionais completas

Representación de proxectos de edificación, EOC201_3 (Real decreto 1228/2006, do 27 de outubro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
– UC0638_3: realizar representacións de construción.
– UC0639_3: realizar e supervisar desenvolvementos de proxectos de edificación.
– UC0640_3: representar instalacións de edificios.
Control de proxectos e obras de construción, EOC273_3 (Real decreto 872/2007, do 2 de xullo), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
– UC0874_3: realizar o seguimento da planificación en construción.
– UC0875_3: procesar o control de custos en construción.
– UC0876_3: xestionar sistemas de documentación de proxectos de construción.

Cualificacións profesionais incompletas

Levantamentos e implantacións, EOC274_3 (Real decreto 872/2007, do 2 de xullo):
– UC0879_3: realizar implantacións de proxectos.
Eficiencia enerxética de edificios, ENA358_3 (Real decreto 1698/2007, do 14 de decembro):
– UC1195_3: colaborar no proceso de certificación enerxética de edificios.